



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE SETEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/934/2008.- GESTIONES URBANÍSTICAS Y MEDIOAMBIENTALES. Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de novembro de 2010 para construción dun edificio na rúa Amor Rubial, 4, 6, e 8.

LIC/354/2011.- A CASA DO RESTOLLAL, CB. Construción de edificio na parcela sita na Travesa do Restollal, dúas plantas de soto para trasteiros, planta baixa para local, primeira e segunda para vivenda por planta e terceira e baixo cuberta para duplex

LIC/1264/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. ROSALIA DE CASTRO, 105. Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2010.

PARCELACIÓNS

LIC/1451/2011.- MARIA MANUELA GARCIA RIAL.- Licenza de parcelación da parcela sita no lugar de A Xesteira, parcela 735 do plano xeral de concentración parcelaria de San Miguel dos Agros. (+)

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/81/2008.- SONIA MARIA NAVEIRA PIÑEIRO.- Recurso de reposición interposto por dona Sonia María Naveira Piñeiro contra acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de xuño de 2011.(-)

LIC/1837/2005.- PROMOSAN GALICIA, SL.- Recurso de reposición interposto por PROMOSAN GALICIA, SL contra acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de xuño de 2011 e subsanar erro material detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de xuño de 2008. (-)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1656/2011.- ESTUDIO 5 DE GESTION Y PROYECTOS,SA.... LIC/1196/2006 30.000 €.

OCiHR

LICENZAS DE OBRA.-

LIC/1784/2010.- D. INÉS ANGELICA IGLESIAS POL.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Basquiños nº 10.

LIC/1952/2010.- D. JULIO BLANCO GARCÍA.- Construción de vivenda unifamiliar na rúa do Pexego de Abaixo nº 3.

LIC/2699/2010.- D. ANA BELEN PICON MARTINEZ.- Rehabilitación interior das planta primeira, segunda e baixo cuberta, con substitución desta na rúa Oliveira nº 3.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/707/2010.- MANUEL RMAÓN LOUZAO PÉREZ.- Devolución de fianza depositada en garantía da licenza LIC/747/2007. O importe da fianza é de 1.500.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á desconsignación e requirimento á Xunta de Compensación do SUP-4 de Conxo. Parcela 106.

Con motivo dunhas expropiacións relativas ao SUP-4 de Conxo apróbase a desconsignación e pago das cantidades resultantes das valoracións do prezo xusto aos 9 propietarios expropiados. No mesmo acordo requírese á Xunta de Compensación do SUP-4 de Conxo, ao ser esta a beneficiaria da expropiación, a cantidade de 9.802,56€.- en concepto de diferenza de valoración do prezo xusto final e xuros correspondentes.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade para transmisión licenza autotaxi Nº 26 a favor de D. RICARDO BALUJA SEXTO.

Apróbase a devandita transmisión.

7.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da Subscrición de póliza de seguro para a cobertura dos riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a contratación deste seguro por un tipo máximo de 50.000,00€.- impostos e gravames engadidos.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á contratación das obras de instalación de alumeado deportivo no Campo de Fútbol de San Lázaro (Sergas).

Adxudícanse as obras para dotar de alumeado público ao Campo de Fútbol de San Lázaro por importe de 58.882 euros.

9.- Proposta dos concelleiros delegados de Deportes e Educación relativa á aprobación das bases e a sinatura do contrato Concello-XADE, a efectos de desenvolver o programa "Á AUGA PATOS".

Apróbase o establecemento dun contrato de prestación de servizos entre XADE (Empresa Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos) e o Concello para organizar este Programa nas piscinas de Sar e Vista Alegre. Haberá bolsas para alumnos por un importe total de 1.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso da pista de chave do parque público de Galeras para o campionato de inverno e adestramentos que se programen.

Concédesse á Asociación da Chave de Santiago o uso da PISTA PÚBLICA DE CHAVE que está no Parque de Galeras para a realización dos seus adestramentos e a realización do Campionato de inverno.

11.- Autorización do uso de instalacións do CEIP Apóstolo Santiago para a preparación da obtención do graduado en educación secundaria de adultos.

Concédesse á Fundación Radio ECCA o uso dunha aula do CEIP Santiago Apóstolo todos os martes e xoves durante o curso 2011-2012 para preparar os grupos de adultos para a obtención do graduado en Educación Secundaria, en horario de 19:30 a 21:30, correndo a cargo de dita fundación os gastos derivados do usos das instalacións.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa ao nomeamento dos representantes municipais nos Consellos escolares de Centro.

Noméanse os devanditos representantes municipais.

13.- Aprobación do convenio entre o Concello e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas polos alumnos do master en "marketing" público.

Apróbase un convenio de colaboración para que alumnos do postgrao en Marketing Político da USC poidan desenvolver as súas prácticas no Concello de Santiago. Esta estancia de alumnos no concello non representa relación laboral algunha e os gastos de seguros son cubertos pola USC.

14.- Aprobación da liquidación de gastos da Escola Municipal de Verán de Inglés 2011.

Apróbase a liquidación co seguinte resultado:

GASTOS APROBADOS:	37.999,54€.-
GASTOS REALIZADOS:	37.524,00€.-
INGRESOS DA ACTIVIDADE:	17.864,00€.-
LIQUIDACIÓN:	18.339,54€.-

15.- Xustificación do convenio entre o Concello e INCOLSA para o deseño e execución de actuacións de atención e promoción turística para 2011.

Presentouse a 1ª xustificación do convenio con INCOLSA por valor de 358.733,25 euros.

16.- Xustificación dos fondos percibidos pola Fundación Eugenio Granell correspondentes á anualidade 2010 do convenio de colaboración suscrito con data de 11 de novembro de 2008.

Apróbase a xustificación da subvención que a Fundación Eugenio Granell recibiu do Concello no 2010: 190.000 euros.

17.- Dar conta polo concelleiro delegado de Deportes da Acta de recepción das obras de reforma do campo de fútbol en Belvís.

Dáse conta da recepción das devanditas obras e apróbase a incorporación deste campo ao patrimonio municipal adscribíndoo á área de deportes.

18.- Dar conta de diversas subvencións concedidas pola Deputación da Coruña ao abeiro da convocatoria de actividades dirixidas aos Concellos.

Dáse conta á XGL da concesión das subvencións seguintes por parte da Deputación:

- Subvención para Nadalxogo: 38.484,00€.-
- Subvención para equipamento para a Escola Municipal de Música e para a Rede de Centros Socioculturais: 24.991,28€.-
- Subvención para actividades educativas, culturais para a comunidade educativa e rede de centros socioculturais: 17.998,57€.-

19.- Dar conta da concesión dunha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dáse conta á XGL da concesión de 57.672,02€.- para o desenvolvemento de Programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (4.632,22€.-), de fomento da conciliación (11.640,00€.-) e de apoio aos centros de información ás mulleres (41.399,80€.-).

URXENCIAS

1.- Noméase á concelleira Paula Prado como representante municipal no Fondo de Cooperación Galega.

2.- Apróbase a contratación da empresa ECOS DO SUR para a realización dun obradoiro de lectura para inmigrantes por importe de 2.000 euros.

3.- Apróbase a realización de obras de pavimentación nas estradas Bando-Zarramacedo (acceso ao colexio) e Lermo-San Lourenzo (acceso á ponte das Trabas desde a estrada de San Lourenzo) por importe de 41.280 euros.

4.- Apróbase un orzamento de 70.000 euros para a realización da Primeira Feira Internacional de Emprego que terá lugar en Santiago no mes de novembro.